



## **APERTURA DO PRIMEIRO PRAZO: ATA O 30/06/2011**

### **PERSOAS QUE PODEN SOLICITAR HABILITACIÓN NESTE PRIMEIRO PRAZO:**

- 1.- As que non estean traballando e teñan o seu domicilio en Galicia para impartir docencia nos centros privados en educación secundaria obrigatoria e/ou bacharelato.
- 2.- As que teñan unha oferta de emprego nun centro privado desta comunidade autónoma para impartir docencia en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e/ou bacharelato ou formación profesional.
- 3.- Os docentes que estivesen impartindo docencia en centros privados desta comunidade o 13/03/2010 e que continúen a entrada en vigor da presente Orde cunha habilitación provisional, expresa ou tácita. A este profesorado expediráselle unha habilitación específica para centro e especialidade ou especialidades que imparten.
- 4.- Os docentes que estean impartindo linguas estranxeiras en educación secundaria obrigatoria ou bacharelato en centros desta comunidade, poderán solicitala para impartir excepcionalmente a ensinanza desas linguas na etapa de educación primaria sempre que sexa para o mesmo centro ou centros do mesmo titular.

### **PERSOAS QUE NON PODEN SOLICITAR HABILITACIÓN NESTE PRAZO E QUE O DEBERÁN SOLICITAR NO MES DE FEBREIRO DE 2012**

- 1.- Todos os profesionais habilitados á entrada en vigor do Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro (BOE do 12 de marzo) para a docencia da educación infantil, da educación primaria, da secundaria obrigatoria, do bacharelato e da formación profesional .  
Coa súa solicitude deberán achegar copia compulsada da certificación da habilitación que teñan e certificado de servizos da dirección do centro no que debe constar a/as materia/s impartidas e o nivel educativo co visto e prace do servizo da Inspección Educativa.
- 2.- Os profesionais que pola aplicación da Orde do 25 de novembro de 1997 (DOG do 22 de decembro) non tiveran que solicitar habilitación no seu momento, deben solicitala agora.  
Coa súa solicitude teñen que achegar certificado da dirección do centro no que están prestando servizos na que constará a/as materia/as e o nivel educativo co visto e prace do servizo da Inspección Educativa e copia compulsada da titulación que posúen.



3.- Os mestres que estivesen impartindo nalgún dos dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria no momento da entrada en vigor do Real decreto 860/2010, de 2 de xullo (BOE do 17 de xullo) e continúen realizando a mesma función no centro ou noutros centros.

Deberán presentar copia compulsada da certificación de habilitación dunha materia do primeiro ou do segundo ciclo da ESO acompañada da certificación do director do centro co visto e prace do servizo da Inspección Educativa na que conste a/as materia/s que imparten e o nivel educativo.

**SEGUNDO A ORDE DO 3 DE XUÑO ESTABLECENSE ADEMAIS OS SEGUINTE PRAZOS:**

**- DO 1 AO 15 DE SETEMBRO**

**- DO 10 DE XANEIRO AO 31 DE XANEIRO**

**- DO 1 DE MARZO AO 31 DE MARZO**

**- A DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA ESTABLECE QUE TAMÉN SE ABRIRÁ NO MES DE FEBREIRO DE 2012.**